



ROCÍO HERMIDA CANCELA, secretaria do Concello de Cee (A Coruña),

**CERTIFICO:** Que o Pleno Corporativo deste concello, na sesión extraordinaria realizada o día 5 de abril de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**"4.- Proposta Alcaldía relativa á desestimación das alegacións presentadas á Modificación Anexo Subvencións Nominativas: creación SN prepagable a favor da Asociación Cultural Pro-Xunqueira polo importe de 57.484,50€ e aprobación definitiva.**

Considerando o Ditame que se transcribe:

**"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA (C.E.C.)  
CELEBRADA O 27 DE MARZO DE 2018 (SESIÓN 4/2018)**

Os membros da comisión informativa de Economía e Facenda ditaminaron favorablemente, no seguinte sentido: tres votos a favor do grupo político Independentes por Cee e D. Modesto Rivas Romero, dous votos en contra de D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán e D. Plácido García Insua e dúas abstencións de D<sup>a</sup> Zaira Rodríguez Pérez e D. Serxio Dominguez Louro, a seguinte **Proposta:**

**"ASUNTO: Desestimación alegacións e aprobación definitiva Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas**

Considerando que o Pleno desta Corporación en data 7 de febreiro de 2018 aprobó a Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas mediante a creación dunha subvención nominativa prepagable a favor da Asociación Cultural Pro- Xunqueira por importe de 57.484,50€ con destino a paliar o prexuízo que dita asociación sofre polo impago das facturas correspondentes á celebración das festas patronais dos exercicios 2015 e 2016.

Visto que conforme o informe emitido polo encargado do Rexistro da Corporación en data 21 de marzo de 2018 consta que foi presentado escrito con N<sup>o</sup> Rexistro Oficiña de Intercambio: 20189000000202 por D. Victor Somoza Somoza.

Resultando que foi emitido informe de Intervención en data 21 de marzo de 2018 co asunto: Alegación á aprobación definitiva da modificación do Anexo de Subvencións Nominativas Orzamento 2016 prorrogado para o 2018 que literalmente conclúe:

**"Desenrolo**

En primeiro lugar para unha maior comprensión do efecto da alegación hai que comezar explicando a tramitación do orzamento cando se presenta unha incidencia como a que nos ocupa xa que os requisitos das modificacións orzamentarias plenarias seguen a mesma tramitación que a súa aprobación coas especificacións precisas.

**Tramitación**

**1/Elevación ao Pleno.** O proxecto de orzamento xeral, informado pola Interventora e cos anexos e documentación complementaria antedita, será remitido polo Presidente ao Pleno da Entidade Local antes do día 15 de outubro para aprobación, emenda ou devolución do mesmo ( artigos 168.4 do RDL 2/2004 e 18.4 do RD 500/1990).

**2/Aprobación inicial do Orzamento** polo Pleno por maioría simple dos membros presentes.

**3/Información pública:** exposición ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de 15 días, nos que os interesados poden examinar e presentar reclamación perante o Pleno ( artigos 169 do RDL 2/2004 e 20.1 do RD 500/90)

**4/Resolución de todas as reclamacións** presentadas. O Pleno terá un prazo de un mes para resolver (artigo 169.1 do RDL 2/2004 e 20.1 o RD 500/90).



5/ **Aprobación definitiva.** O Orzamento xeral quedará definitivamente aprobado se ao termo do período de exposición pública non houbera reclamación algunha. No caso contrario o Pleno acordará expresamente a resolución das reclamacións presentadas e a aprobación definitiva do Orzamento.

A aprobación definitiva do Orzamento xeral debe realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao exercicio no que entre en vigor. Se a 1 de xaneiro non estivera aprobado o anterior será automaticamente prorrogado con seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións a realizar de conformidade co disposto nos artigos 177 a 179 do RDL 2/2004 e ata a entrada en vigor do novo Orzamento ( artigos 169.6 do RDL 2/2004 e 21.1 do RD 500/90)

6/ **Publicación.** O Orzamento xeral definitivamente aprobado será insertado (o seu resumo por capítulos) no Boletín Oficial da Provincia (artigos 169.3 do RDL 2/2004 e 20.3 do RD 500/90)

7/ **Remisión do expediente e entrada en vigor.** Do orzamento xeral definitivamente aprobado se remitirá copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión é simultánea ao envío ao Boletín Oficial da Provincia ( artigos 169.4 do RDL 2/2004 e 20.4 do RD 500/90)

Entrará en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.3 do RDL 2/2004 e no 20.3 do RD 500/90( artigos 169.5 do RDL 2/2004 e 20.5 do RD 500/90)

En segundo lugar atenderemos á **lexitimación** do solicitante para a presentación da alegación.

O artigo 170 do RDL 2/2004 de 5 de marzo reza así enumerando os que teñen a consideración de interesados:

- a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.
- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios. "

Así os habitantes da entidade local teñen **lexitimación** o que se acredita mediante certificado de empadramento individual do solicitante.

En terceiro lugar en relación o **contido da alegación** o solicitante manifesta entre outras: inexistencia do plan estratéxico de subvencións e a inexactitude da BNS co percibido.

Incumprimento do principio de anualidade orzamentaria

Imposibilidade de superar o cincuenta por cento do custe de actividade polo que insta a devolución das cantidades resultantes.

En relación os puntos citados esta Intervención manifesta que considera ter feitas todas as manifestacións e conclusións na toma de decisión que nos ocupa no informe de fiscalización previo o mesmo polo que considera innecesario a repetición no presente informe de temas que xa foron obxecto do informe de data 16 de xaneiro do presente ano ó cal me remito.

En outro orde de cousas:

En relación o plan estratéxico de subvencións non existe a día de hoxe no Concello de Cee dito plan.

As consignacións na BNS non supoñen minoración nin ampliación de dereitos de subvencións senón un elemento máis de publicidade que non ten incidencia nesta toma de decisión.

En relación o principio de anualidade remítome as consideracións realizadas no informe precedente.

Alúdese na solicitude a necesidade de que a subvención non exceda do cincuenta por cento do custe da actividade de acordo co artigo 26 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. En relación a este punto sinalar e sen prexuízo de outro informe a ter en consideración o seguinte:

A disposición derogatoria única da lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións reza:





# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

*"Quedan derogadas todas las normas de igual o inferior rango en lo que contradigan o se opongan a lo dispuesto en esta ley."*

*A disposición derogatoria única da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia sinala:*

*Quedan derogadas todas las normas de igual o inferior rango en lo que contradigan o se opongan a lo dispuesto en la presente ley.*

*Atendendo ós artigos 19.3 da lei Xeral de Subvencións e o artigo 17.3 da lei de subvencións de Galicia que sinalan respectivamente*

*"El importe de las subvenciones en ningún caso podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos, supere el coste de la actividad subvencionada.".....*

*"El importe de las subvenciones en ningún caso podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos, supere el coste de la actividad subvencionada".*

*Esta Intervención entende que as vixentes leis de subvencións, tanto a estatal como a galega sinalan claramente que o límite para o outorgamento das subvencións se atopa no importe do gasto efectuado relativo ó gasto da actividade. En ningún caso se pode exceder este importe o que supón a criterio da informante que por debaixo de tal importe se poden subvencionar todas aquelas cantidades que o ente outorgante así o dispoña. Cuestión diferente é que o convenio no caso das subvencións nominativas ou as bases no caso das subvencións en concurrencias sexan o instrumento adecuado para a súa concreción.*

*A maior abundamento a recente aprobación por parte desta Corporación da Ordenanza Reguladora de Subvencións non atopa dita limitación polo que non lle sería de aplicación as subvencións que o Concello de Cee outorgue.*

*Neste Concello vese claramente que este límite non se está a aplicar nin por este nin por outros entes xa que somos beneficiarios continuamente de múltiples subvencións outorgadas incluso ó 100 por 100 do custo da actividade ( obras de POS, subvencións deportivas de Deputación, convenios de colaboración coa Xunta, co Estado para financiación de obras ou servizos, Plan E etc).*

## **Conclusión**

*Por todo o exposto a Intervención Municipal conclúe informando ó Pleno da Corporación Municipal que:*

- 1. Esta Intervención considera ter feitas todas as consideracións necesarias sobre dito asunto no informe sobre a modificación do Anexo de Subvencións Nominativas para o outorgamento da subvención nominativa de 57.484,50€ a favor da Asociación Cultural Pro Xunqueira e que mantén a data de hoxe. En consecuencia **informase de desconformidade a aprobación do subvención citada.***
- 2. Esta Intervención considera en relación ó reintegro de subvencións por exceder do límite do cincuenta por cento do custe da actividade que este límite non opera por si mesmo salvo que o ente outorgante así o establecera e que se ve claramente ampliado nas leis de superior rango e de posterior aprobación tal como se sinala en apartados anteriores.*
- 3. Todo sen prexuízo dos informes relativos á aplicación da normativa que se podan solicitar para a adopción da decisión conforme a dereito.*
- 4. O Pleno Municipal debe decidir a **estimación ou desestimación** das alegacións presentadas a vista dos informes relativos a esta materia."*

*En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:***

**PRIMEIRO.-** Desestimar o escrito de alegacións presentado por D. Victor Somoza Somoza con Nº Rexistro Oficiña de Intercambio: 20189000000202.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente a Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas mediante a creación dunha subvención nominativa prepagable a favor da





# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Asociación Cultural Pro- Xunqueira por importe de 57.484,50€ con destino a paliar o prexuízo que dita asociación sofre polo impago das facturas correspondentes á celebración das festas patronais dos exercicios 2015 e 2016.

**TERCERO.**- Notificar o presente acordo a D.Victor Somoza Somoza.

**CUARTO.**- Anunciar a aprobación definitiva no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. En Cee a 20 marzo de 2018. Sr alcalde: Ramón Vigo Sambade."Asinado dixitalmente ao marxe."

## -----INTERVENCIÓNS-----

(.../...)

## -----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada no seguinte sentido:

- 4 votos a favor do grupo político Independentes por Cee e D. Modesto Rivas Romero.
- 3 voto en contra de Dª Margarita Lamela Louzán, D. Juan Bautista Areas Lestón e D. Plácido García Insua.
- 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión (Dª Zaira Rodríguez Pérez, Dª Mª Isabel Fernández Durán, Dª Agueda Díaz Mejuto, D. Serxio Dominguez Louro e Dª Yolanda García Leal).

Para que conste, e para a súa unión ao expediente administrativo, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do alcalde-presidente, en Cee, o 22 de novembro de 2018.

A secretaria

Visto e prace

O alcalde

Ramón Vigo Sambade